

The page features a light gray grid background. A white rectangular area in the center contains the title. The corners are decorated with colorful, abstract geometric patterns: top-left has pink, blue, and green shapes; top-right has pink, blue, and green shapes; bottom-left has blue, green, and pink shapes; bottom-right has pink, blue, and green shapes.

# **PLAN DE MELLORA CURSO 24-25**

# 1. INTRODUCCIÓN

Este Plan de Mellora foi elaborado no mes de novembro do ano 2024 como requisito establecido no apartado décimo primeiro de Análise dos resultados no centro educativo da Resolución do 14 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico de educación primaria e educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2023/24.

No noso centro, dita avaliación foi aplicada no grupo de 4º de Ed. Primaria no mes de abril de 2024. Nese momento había 19 nenos e nenas matriculados no grupo, dos cales 17 realizaron as probas.

O profesorado mobilizado que vixiou as probas foi a directora: Laura Galdo Leal e a xefa de estudos: Vanesa Fachal Mella. No referido á corrección das mesmas: Laura López Rodríguez, mestra de 5º de EP, corrixiu a proba de Lingua e Literatura Galega; Nuria Pérez Filgueira, mestra de 3º de EP, corrixiu a proba de Matemáticas; Mariana González Ropero encargouse da proba da primeira Lingua Inglesa, xa que era a especialista nesa área nese momento; e Aitor Castro Yedra, mestre de 6º de EP, corrixiu a proba de Lingua e Literatura Castelá.

Como se nos indicaba nas instrucións que chegaron ao centro, as 4 probas ás que se enfrontaba o alumnado foron organizadas en 2 días, facendo dúas cada día e tendo un descanso no medio da mañá.

O centro informou, a través de Abalar e do Consello Escolar, dos días que ían ter lugar as probas, de que os resultados serían globais e non individuais de cada neno e nena. Así mesmo, se lles transmitiu, como ben se indicaba nas instrucións, que este tipo de avaliación nos ía permitir analizar as dificultades do grupo e, no caso de atopalas, dotaríannos cos recursos para solventalas.

A implicación do alumnado foi do 91,05%, ao que animamos a realizar as probas con tranquilidade e confianza neles mesmos, coma se un traballo de aula se tratase pero coa seriedade que implicaba o procedemento. Adaptamos as probas ao alumnado con NEAE que tiñamos nese momento e seguimos todas as indicacións que se nos requirían.

En canto á participación do profesorado implicado nas probas foi excelente, cumprindo en todo momento o que se lles pedía, tanto no procedemento de control como no de corrección, axustándose sempre aos tempos establecidos na normativa arriba mencionada. Non podemos dicir o mesmo da participación familiar, xa que cando se lles pediu cubrir os cuestionarios tan so tivemos moi pouca participación. Os cuestionarios foron enviados vía telemática e en papel, xa que somos conscientes que non todos teñen acceso ás TIC. Aínda así a resposta foi insuficiente.

## **2. ANALISE E REFLEXIÓN SOBRE OS RESULTADOS DO CENTRO EDUCATIVO NA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO 2023-2024**

**CÓDIGO E NOME DO CENTRO: 15021834 – CEIP. LEDICIA**

**NIVEL EDUCATIVO: 4º EP.**

**COMPETENCIA: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. LINGUA GALEGA E LITERATURA.**

1. Acada o centro educativo nesta competencia unha puntuación suficiente? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, hai un déficit de 139 puntos respecto do valor medio da puntuación do grupo ISEC de referencia.*

2. Ten o centro educativo un exceso de alumnado nos niveis máis baixos de desempeño competencial? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si, temos un 88% do alumnado nos grupos 1 e 2, habendo unha diferenza do 57% con respecto ao alumnado total dos grupos 1 e 2 do grupo ISEC.*

3. Acada o centro educativo uns resultados desequilibrados? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, xa que o 88% do noso alumnado atópase nos grupos 1 e 2 e non temos ningún no 5 e 6.*

4. Como consecuencia do anterior, debe o centro poñer en marcha medidas de mellora para esta competencia? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si xa que en todas as destrezas obtivemos resultados por debaixo do 425 puntos.*

5. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise do desequilibrio nos resultados, a que alumnado dirixe o centro as medidas de mellora neste nivel e competencia? (Especificar os cursos. Xustificar a resposta)

*Decidimos aplicar as medidas de mellora para os cursos de 3º e 4º de EP que son os próximos en realizar a avaliación de diagnóstico e tamén para o grupo de 5º de EP que son os que obtiveron estes malos resultados.*

6. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise das diferenzas de puntuacións entre os diferentes subapartados do gráfico de resultados por destrezas, a que aspectos curriculares da competencia deben dirixirse as medidas de mellora? (Especificar os subapartados do gráfico de resultados por destrezas. Xustificar a resposta. En caso de non detectarse aspectos específicos, dirixíranse os esforzos aos subapartados de menor puntuación).

*No noso caso debemos reforzar a comprensión oral, a comprensión escrita (localizar e obter información, realizar inferencias directas, realizar e interpretar e reflexionar e valorar) e sobre todo a expresión oral, que foi onde obtivemos menor puntuación (coherencia e cohesión, adecuación e ortografía e gramática).*

## COMPETENCIA: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.

7. Acada o centro educativo nesta competencia unha puntuación suficiente? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, hai un déficit de 85 puntos respecto do valor medio da puntuación do grupo ISEC de referencia.*

8. Ten o centro educativo un exceso de alumnado nos niveis máis baixos de desempeño competencial? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si, temos un 76% do alumnado nos grupos 1 e 2, habendo unha diferenza do 39% con respecto ao alumnado total dos grupos 1 e 2 do grupo ISEC.*

9. Acada o centro educativo uns resultados desequilibrados? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, xa que o 76% do noso alumnado atópase nos grupos 1 e 2 e non temos ningún no 5 e 6.*

10. Como consecuencia do anterior, debe o centro poñer en marcha medidas de mellora para esta competencia? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si, xa que en comprensión escrita e expresión escrita obtivemos resultados por debaixo do 425 puntos.*

11. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise do desequilibrio nos resultados, a que alumnado dirixe o centro as medidas de mellora neste nivel e competencia? (Especificación dos cursos. Xustificar a resposta)

*Decidimos aplicar as medidas de mellora para os cursos de 3º e 4º de EP que son os próximos en realizar a avaliación de diagnóstico e tamén para o grupo de 5º de EP que son os que obtiveron estes malos resultados.*

12. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise das diferenzas de puntuacións entre os diferentes subapartados do gráfico de resultados por destrezas, a que aspectos curriculares da competencia deben dirixirse as medidas de mellora? (Especificación dos subapartados do gráfico de resultados por destrezas. Xustificar a resposta. En caso de non detectarse aspectos específicos, dirixíranse os esforzos aos subapartados de menor puntuación).

*No noso caso debemos reforzar a comprensión escrita, concretamente nos subapartados de: realizar inferencias directas e integrar e interpretar; e sobre todo a expresión oral, que foi onde obtivemos menor puntuación: coherencia e cohesión, adecuación e ortografía e gramática.*

**COMPETENCIA: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. PRIMEIRA LINGUA EXTRANXEIRA. INGLÉS.**

13. Acada o centro educativo nesta competencia unha puntuación suficiente? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, hai un déficit de 83 puntos respecto do valor medio da puntuación do grupo ISEC de referencia.*

14. Ten o centro educativo un exceso de alumnado nos niveis máis baixos de desempeño competencial? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si, temos un 76% do alumnado nos grupos 1 e 2, habendo unha diferenza do 47% con respecto ao alumnado total dos grupos 1 e 2 do grupo ISEC.*

15. Acada o centro educativo uns resultados desequilibrados? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, xa que o 76 % do noso alumnado atópase nos grupos 1 e 2 e non temos ningún no 5 e 6.*

16. Como consecuencia do anterior, debe o centro poñer en marcha medidas de mellora para esta competencia? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si xa que en case todas as destrezas obtivemos resultados por debaixo do 425 puntos.*

17. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise do desequilibrio nos resultados, a que alumnado dirixe o centro as medidas de mellora neste nivel e competencia? (Especificar os cursos. Xustificar a resposta)

*Decidimos aplicar as medidas de mellora para os cursos de 3º e 4º de EP que son os próximos en realizar a avaliación de diagnóstico e tamén para o grupo de 5º de EP que son os que obtiveron estes malos resultados.*

18. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise das diferenzas de puntuacións entre os diferentes subapartados do gráfico de resultados por destrezas, a que aspectos curriculares da competencia deben dirixirse as medidas de mellora? (Especificar os subapartados do gráfico de resultados por destrezas. Xustificar a resposta. En caso de non detectarse aspectos específicos, dirixiranse os esforzos aos subapartados de menor puntuación).

*No noso caso debemos reforzar sobre todo a comprensión oral pero tamén a comprensión escrita en: localizar e obter información e realizar e interpretar; e a expresión escrita en: competencia sociolingüística, competencia pragmática e competencia lingüística.*

## COMPETENCIA: MATEMÁTICA.

19. Acada o centro educativo nesta competencia unha puntuación suficiente? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, hai un déficit de 86 puntos respecto do valor medio da puntuación do grupo ISEC de referencia.*

20. Ten o centro educativo un exceso de alumnado nos niveis máis baixos de desempeño competencial? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si, temos un 76% do alumnado nos grupos 1 e 2, habendo unha diferenza do 41% con respecto ao alumnado total dos grupos 1 e 2 do grupo ISEC.*

21. Acada o centro educativo uns resultados desequilibrados? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Non, xa que o 76% do noso alumnado atópase nos grupos 1 e 2 e non temos ningún no 5 e 6.*

22. Como consecuencia do anterior, debe o centro poñer en marcha medidas de mellora para esta competencia? (Si ou non. Xustificar a resposta)

*Si xa que en case todas as destrezas obtivemos resultados por debaixo do 425 puntos.*

23. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise do desequilibrio nos resultados, a que alumnado dirixe o centro as medidas de mellora neste nivel e competencia? (Especificación dos cursos. Xustificar a resposta)

*Decidimos aplicar as medidas de mellora para os cursos de 3º e 4º de EP que son os próximos en realizar a avaliación de diagnóstico e tamén para o grupo de 5º de EP que son os que obtiveron estes malos resultados.*

24. En caso de resposta afirmativa á pregunta 4 e como consecuencia da análise das diferenzas de puntuacións entre os diferentes subapartados do gráfico de resultados por destrezas, a que aspectos curriculares da competencia deben dirixirse as medidas de mellora? (Especificación dos subapartados do gráfico de resultados por destrezas. Xustificar a resposta. En caso de non detectarse aspectos específicos, dirixíranse os esforzos aos subapartados de menor puntuación).

*No noso caso debemos reforzar: resolución de problemas, razoamento e proba, conexións, comunicación e representación, sentido xeométrico e sentido estocástico.*



### 3. PROPOSTAS DE MELLORA ACHEGADAS POLOS EQUIPOS DE CICLO.

| COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA GALEGA E LITERATURA |                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|-----------------------------------------------------|-------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| PROPOSTA DE MELLORA                                 | ASPECTO CURRICULAR AO QUE SE DIRIXE | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Emprego de materiais manipulativos                  | Comprensión escrita.                | Corrección ortográfica e gramatical, infire información do texto, valora fontes de información fiables.                                                                                                                                                                                                     |
| Introdución de xogos de mesa nas aulas              | Expresión oral e comprensión oral.  | Coherencia e cohesión, corrección ortográfica e gramatical, identifica xéneros literarios, infire información do texto, valora fontes de información fiables, reflexiona sobre ideas sentimentos ou conceptos.                                                                                              |
| Clube de lectura                                    | Comprensión lectora.                | Selecciona a idea principal dun texto, deduce o fin comunicativo dun texto, deduce as partes dun textom selecciona as ideas secundarias, deduce o significado de palabras polo contexto, identifica xéneros literariosm infire a relación entre as e os personaxes, localiza información concreta do texto. |

## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA GALEGA E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                                                                    | ASPECTO CURRICULAR AO QUE SE DIRIXE                     | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Proxecto de investigación da cultura galega e creación dun libro cos datos recollidos. | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Coherencia e cohesión, selecciona ideas principais dun texto, deduce o fin comunicativo dun texto, selecciona fontes de información fiables, valora fontes de información fiables, adecuación, interpreta textos relacionados coa súa contorna.                                                             |
| Realizar infografías cos contidos que se vaian traballando na área de lingua galega.   | Comprensión e expresión escrita.                        | Coherencia e cohesión, selecciona ideas principais dun texto, deduce o fin comunicativo dun texto, selecciona fontes de información fiables, valora fontes de información fiables, adecuación.                                                                                                              |
| Libro viaxeiro                                                                         | Comprensión e expresión escrita.                        | Selecciona a idea principal dun texto, deduce o fin comunicativo dun texto, deduce as partes dun texto, selecciona as ideas secundarias, deduce o significado de palabras polo contexto, identifica xéneros literarios, infere a relación entre as e os personaxes, localiza información concreta do texto. |



## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA GALEGA E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                               | ASPECTO CURRICULAR AO QUE SE DIRIXE                     | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                                                                                  |
|---------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Emprego da aprendizaxe e servizo.                 | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Selecciona fontes de información fiables, valora fontes de información fiables, adecuación.                                                                                                                                                                         |
| Realización de actividades de escritura creativa. | Comprensión escrita.                                    | Selecciona a idea principal dun texto, deduce o fin comunicativo dun texto, deduce as partes dun texto, selecciona as ideas secundarias, deduce o significado de palabras polo contexto, identifica xéneros literarios, infire a relación entre as e os personaxes. |
| Realización de proxectos de investigación.        | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Coherencia e cohesión, selecciona ideas principais dun texto, deduce o fin comunicativo dun texto, selecciona fontes de información fiables, valora fontes de información fiables.                                                                                  |
| Faladoiros                                        | Comprensión oral e expresión escrita.                   | Coherencia e cohesión, deduce o significado das palabras polo contexto, reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos.                                                                                                                                           |

## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA GALEGA E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                                                          | ASPECTO CURRICULAR<br>AO QUE SE DIRIXE                  | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                             |
|------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Emprego da radio para traballar a oralidade.                                 | Expresión oral.                                         | Coherencia e cohesión, corrección gramatical, adecuación, reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos.                                                                                                    |
| Utilizar a técnica de memoria visual "Gabarró" para a mellora da ortografía. | Comprensión e expresión escrita.                        | Coherencia e cohesión, corrección ortográfica e gramatical, identifica xéneros literarios, infire información do texto, valora fontes de información fiables, reflexiona sobre ideas sentimentos ou conceptos. |
| Realizar propostas de teatro improvisado, onde se fomente a expresión oral.  | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Coherencia e cohesión, corrección gramatical, adecuación, reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos.                                                                                                    |
| Realización de exposicións orais de xeito regular.                           | Expresión oral.                                         | Coherencia e cohesión, selecciona fontes de información fiables, corrección gramatical, adecuación, reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos.                                                          |

## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA GALEGA E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                                                                                                                                                 | ASPECTO CURRICULAR<br>AO QUE SE DIRIXE                  | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Creación dun banco de recursos en galego (xogos de mesa, libros, cancións, videoxogos...) e documentación sobre a lingua e a cultura galega para o traballo na aula | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Selecciona ideas principais dun texto, deduce o fin comunicativo dun texto, selecciona fontes de información fiables, valora fontes de información fiables, adecuación.                       |
| Traballar as cancións que soan no centro atendendo ao vocabulario e ás regras ortográficas.                                                                         | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Deduce o significado de palabras polo contexto, identifica xéneros literarios.                                                                                                                |
| Recanto lingüístico                                                                                                                                                 | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral  | Selecciona a idea principal dun texto, deduce a orda das partes dun texto, deduce o significado de palabras polo contexto, corrección ortográfica e gramatical, infire información dun texto. |

## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                    | ASPECTO CURRICULAR AO QUE SE DIRIXE                     | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|----------------------------------------|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Emprego de materiais manipulativos     | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Deduce o significado de palabras polo contexto, selecciona a idea principal do texto, valora fontes de información fiables, corrección ortográfica e gramatical, adecuación.                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Introdución de xogos de mesa nas aulas | Comprensión oral e expresión oral.                      | Deduce o significado de palabras polo contexto, selecciona a idea principal do texto, valora fontes de información fiables, corrección ortográfica e gramatical, adecuación.                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Clube de lectura                       | Comprensión escrita.                                    | Recoñece as ideas claves dun texto, deduce o significado das palabras polo contexto, coherencia e cohesión, infire información do texto, selecciona ideas secundarias implícitas nun texto, relaciona sobre ideas, sentimentos ou conceptos, deduce a orde das partes dun texto, interpreta obras ou fragmentos literarios, infire a relación entre as e os personaxes dun texto, localiza a información concreta dun texto. |

## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                                                                    | ASPECTO CURRICULAR AO QUE SE DIRIXE                     | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                                                                                         |
|----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Proxecto de investigación da cultura galega e creación dun libro cos datos recollidos. | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Valora fontes de información fiables, corrección ortográfica e gramatical, adecuación.                                                                                                                                                                                     |
| Realizar infografías cos contidos que se vaian traballando na área de lingua galega.   | Comprensión e expresión escrita.                        | Recoñece as ideas claves dun texto, deduce o significado das palabras polo contexto, coherencia e cohesión, infire información do texto, selecciona ideas secundarias implícitas nun texto, deduce a orde das partes dun texto, localiza a información concreta dun texto. |
| Realizar propostas de teatro improvisado, onde se fomente a expresión oral.            | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Coherencia e cohesión, infire información do texto, deduce a orde das partes dun texto, interpreta obras ou fragmentos literarios, infire a relación entre as e os personaxes dun texto.                                                                                   |
| Realización de exposicións orais de xeito regular.                                     | Expresión e comprensión oral.                           | Valora as diferenzas entre os distintos tipos de linguaxe utilizados, coherencia e cohesión, reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos, adecuación, contrasta a información de distintas fontes.                                                                    |

## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                                                                       | ASPECTO CURRICULAR<br>AO QUE SE DIRIXE                  | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Realización de actividades de escritura creativa.                                         | Comprensión e expresión escrita.                        | Recoñece as ideas claves dun texto, deduce o significado das palabras polo contexto, coherencia e cohesión, infire información do texto, selecciona ideas secundarias implícitas nun texto, relaciona sobre ideas, sentimentos ou conceptos, deduce a orde das partes dun texto, interpreta obras ou fragmentos literarios, infire a relación entre as e os personaxes dun texto, localiza a información concreta dun texto. |
| Faladoiros                                                                                | Expresión oral                                          | Valora as diferenzas entre os distintos tipos de linguaxe utilizados, coherencia e cohesión, reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos, adecuación, contrasta a información de distintas fontes.                                                                                                                                                                                                                      |
| Creación dun banco de recursos en galego (xogos de mesa, libros, cancións, videoxogos...) | Comprensión oral, comprensión escrita e expresión oral. | Valora fontes de información fiables, corrección ortográfica e gramatical, adecuación.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |



## COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

| PROPOSTA DE MELLORA                                                                         | ASPECTO CURRICULAR AO QUE SE DIRIXE                     | OBXECTIVO DE LOGRO                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Libro viaxeiro                                                                              | Comprensión e expresión escrita.                        | Deduce o significado de palabras polo contexto, selecciona a idea principal do texto, valora fontes de información fiables, corrección ortográfica e gramatical, adecuación.                                                                                                                                     |
